



## A didáctica no Museo do Pobo Galego, un proxecto pedagóxico para a diversidade e a inclusión



O **Departamento de Educación e Acción Cultural (DEAC)** continúa a traballar neste ano 2020 na idea do **museo como un espazo accesible e inclusivo**. Un dos obxectivos principais do departamento é contar cunha programación integradora, que responda á complexa pluralidade da nosa sociedade desde unha **visión interdisciplinaria e transversal dos contidos**. Neste sentido, e no referente ao deseño das actividades para escolares, o programa para este curso introduce a matemática lúdica centrada na obra do arquitecto Domingo de Andrade e unha proposta de ciencia aplicada á cultura popular levado a cabo polo Club UNESCO Ciéncia, Tradição e Cultura do Instituto Politécnico de Castelo Branco. O **programa educativo do Museo inclusivo, actual e innovador** serviulle para que fose seleccionado por un proxecto do Ministerio de Ciencia e Innovación sobre avaliación cualitativa de programas didácticos en museos levado a cabo pola Universidade de Oviedo durante o 2011-2014.



### DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

O Museo do Pobo Galego impulsa dende o Departamento de Educación e Acción Cultural a colaboración con distintas entidades galegas de atención á diversidade funcional. Este é o segundo ano consecutivo no que se desenvolve un proxecto educativo nesta liña. As actividades, centradas nesta ocasión na relación de Galicia co mar, **queren achegarse á experiencia das persoas con diversidade funcional (problemas de mobilidade, discapacidades orgánicas, perdas perceptivas) e discapacidade intelectual** no Museo, realizando diferentes focos con distintos colectivos para ir profundando nas necesidades de cada un. Este ano realizáronse sesións con **ASPANAES** (Asociación de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Compostela), coa **Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela e Down Compostela**. Ademais de seguir colaborando con asociacións como **AGADEA** coa [guía de recursos para a estimulación cognitiva](#) para persoas con demencia e alzheimer. O obxectivo final é ir conseguindo a mellora da accesibilidade e acadar un espazo no que todo o mundo poda gozar.



### DOMINGO DE ANDRADE

Entre os eixos temáticos cos que o DEAC do Museo do Pobo Galego encara o seu traballo para o ano 2020, o arquitecto Domingo de Andrade ten unha presenza importante. O autor da torre do reloxo da Catedral de Santiago de Compostela e do convento de Bonaval, onde ten a súa sé o noso Museo, é o **homenaxeado no Día das Artes Galegas de 2020**. O Departamento de Educación e Acción Cultural deseñou un **programa de actividades** que celebran ao arquitecto e a súa obra **a través da matemática lúdica, a narración oral, o baile e o ensino práctico de arquitectura** para escolares.

**Fórmula Andrade**. En colaboración coa Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática (AGAPEMA) pónense a disposición dos e das docentes de secundaria e o seu alumnado os materiais para realizar un percorrido matemático polo edificio de Bonaval. Trátase de resolver incógnitas matemáticas relacionadas coa arquitectura de Domingo de Andrade.

**Andrade co Lupo**. Unha viaxe na que aprender facendo as obras máis destacables de Domingo de Andrade. **Lupo** é un sistema educativo que utiliza a arquitectura como disciplina transversal clave para interpretar a realidade que nos rodea e introducirmos no coñecemento de moitos campos e disciplinas.

**Barrococó**. Espectáculo de narración oral e música da compañía Rilo & Penadique dirixida ao alumnado de 1º e 2º de Primaria.

**O enredo barroco**. A partir da danza de fitas, achégase o mundo barroco de Andrade e ás formas que debuxou nos seus deseños (como, por exemplo, a escaleira helicoidal) aos escolares de 3º e 4º de Educación Primaria.



### CIENCIA, CENTROS ESCOLARES E MUSEO

"Os nossos e as nossas avós foram cientistas" é un proxecto dirixido polo **Club UNESCO Ciéncia, Tradição e Cultura** do Instituto Politécnico de Castelo Branco, (Portugal). A iniciativa, que está destinada para alumnado de Infantil e Primaria, **investiga e explica a cultura popular en termos científicos**. Os temas son diversos e van desde as abellas e o mel ao cultivo do liño, pasando pola alimentación, elaborando materiais didácticos de traballo na aula. Este colectivo de profesorado portugués chega a Galicia a través do Museo do Pobo Galego coa idea de atopar parcerías entre o persoal docente do país para traballar de forma conxunta co alumnado a ambas dúas beiras da raia.

### INVESTIGACIÓN EXTERNA

Por segunda vez persoal investigador da Universidade de Oviedo conta co Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo Galego para facer parte dun **proxecto sobre avaliación cualitativa de programas didácticos en museos**. A primeira foi no proxecto **ECPEME da Dirección General de Investigación y Gestión del Plan Nacional de I+D+i do Ministerio de Ciencia e Innovación** baixo a dirección da investigadora Roser Calaf durante os anos **2011-2014** (os resultados pódense ler en <http://ecpeme.com/>). Agora a participación no traballo desenvolvido por unha bolsreira FPU adscrita á Universidade de Oviedo, será tamén unha oportunidade para unha nova avaliación en profundidade do noso programa didáctico e dunha revisión do PEM (Proxecto Educativo do Museo).



Copyright © 2020 Museo do Pobo Galego.

DEAC | Departamento de Educación e Acción Cultural | Tlf: 981 58 36 20  
[deac@museodopobo.gal](mailto:deac@museodopobo.gal)

A nosa dirección é:  
 San Domingos de Bonaval  
 15703, Santiago de Compostela.

